

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O CLUB EXTOL MTB TEAM PARA A CELEBRACIÓN DE DUAS ETAPAS DA VOLTA A GALICIA BTT 2025

Lalín, a 19 de Novembro de 2025

REUNIDOS:

Por unha banda, o Concello de Lalín, con CIF: P3602400H actuando no seu nome e representación o Alcalde de Lalín, D. José Crespo Iglesias, con NIF: 33841334-P, de acordo coas atribucións que ten conferidas segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Pola outra, D. Javier Busto Ramos, con NIF 76933407V, domicilio en lugar Feás 33, C.P: 36519 de Lalín, en calidade de Presidente do **CLUB EXTOL MTB TEAM**, con CIF G-94130168, ao abeiro das facultades que, para vincularse neste acto, ten conferidas.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: Que o día 02 e 04 de MAIO de 2025, celebrouse en Lalín, dúas etapas da proba denominada VOLTA A GALICIA BTT 2025.

SEGUNDO: Que o Concello de Lalín, segundo se sinala no artigo 25.2.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ten competencias en materia de promoción do deporte.




Atendendo ao interese da actividade que é obxecto do presente Convenio de colaboración, no Orzamento municipal o exercicio 2025 dotou a partida 0.341.48935.01 cunha subvención nominativa o **CLUB EXTOL MTB TEAM con CIF: G-94130168**, para a celebración de dúas etapas da Volta a Galicia BTT 2025, por importe de 6.000.00 euros.

A tal fin, as partes asinan o presente Convenio de Colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.

O obxecto do presente Convenio e a concesión dunha subvención nominativa o **CLUB EXTOL MTB TEAM con CIF: G-94130168** para o desenvolvemento de dúas etapas da Volta a Galicia BTT 2025.





C. do Ilo de Lalín

Lalín

SEGUNDA. Normativa Aplicable.

As obrigacións xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións están establecidas nas leis:

- Artigo 25. 2), da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que o municipio exercerá competencias nas seguintes materias: "promoción do deporte e instalacións deportivas e ocupación do tempo libre".

- Ley 3/2012, de 2 de abril, del deporte de Galicia

- -Artigo 17. Recoñecemento de modalidades e especialidades deportivas.

- -Sección 1. Competicións e eventos deportivos

- "Artigo 18. Clasificación.

- -Artigo 19. Competicións oficiais de ámbito autonómico.

- -Artigo 20. Organización de competicións oficiais de ámbito estatal o internacional en la Comunidad Autónoma galega

- -Artigo 21. Requisitos mínimos das competicións oficiais

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións,

- Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia

- Bases de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2025.


TERCEIRA. Obrigas do CLUB EXTOL MTB TEAM

- A organización e o desenvolvemento de dúas etapas da Volta a Galicia BTT 2025 e atender e solventar calquera reclamación que se presente como consecuencia da celebración do mesmo, quedando o Concello de Lalín exento de calquera responsabilidade neste senso.

- Solicitar dos distintos organismos as autorizacións necesarias para a celebración da proba e dispor do seguro correspondente de responsabilidade civil.

- Indicar en toda a documentación, anuncios, folletos e publicidade nos medios de comunicación que se vaian utilizar que o Concello de Lalín participa no financiamento de dita actividade.

- Empregar a totalidade da subvención na actividade mencionada.



Lalín



Concello de Lalín

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Lalín, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda obxecto do presente convenio.
- O CLUB EXTOL MTB TEAM comprométese a cumprir a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- O CLUB EXTOL MTB TEAM deberá cubrir a súa responsabilidade civil no desenvolvemento da proba coa formalización do correspondente seguro.

CUARTA. Obrigas do Concello de Lalín.

- O Concello de Lalín comprométese a achegar para a execución do presente convenio a cantidade de 6.000,00 €.

QUINTA :

Este Convenio ten unha natureza puramente de colaboración e dinamización do evento deportivo, entendendo que a cantidade á que o Concello de Lalín se compromete con 6.000,00€ é para cubrir gastos correntes esenciais das actuacións a desenvolver no marco deste convenio, polo que non se pode referir a este Convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica.

O presente convenio queda excluído do ámbito da aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o establecido no artigo 6 do citado texto legal.


A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.


SEXTA. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles gastos correntes que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada. En ningún caso se admitirán gastos que superen nun 40% do importe da subvención concedida en gastos de manutención e aloxamento.

Os gastos subvencionables son os que se relacionan de seguido:

- Cartelería e publicidade do evento.
- Seguros.
- Custos de arbitaxes ou xuíces de competición.
- Gastos en combustibles imputables á actividade.
- Custos derivados dos servizos sanitarios (gastos de alugueiro de ambulancias e persoal sanitario).





Lalín KMO



Concello de Lalín

- Alugueiro de equipos electróxicos, audiovisuais, cronometraxe, plataformas e carpas.
- Premios e trofeos.
- Gastos de aloxamento e manutención.

Os gastos de manutención e aloxamento serán subvencionables se teñen unha relación inmediata e directa coa actividade subvencionada e fosen imprescindibles para a organización da actividade subvencionada. A contía do gasto subvencionable polos conceptos de aloxamento e manutención tomará como referencia os importes previstos no RD 462/2002, de 24 de maio, no seu Anexo II para o Grupo 2º. Neste caso, deberán xustificarse os beneficiarios deste gastos de aloxamento e manutención e a súa relación imprescindible coa organización do Campionato.

O gasto en concepto de combustibles será subvencionable en relación cos vehículos necesarios para a desenvolvemento da actividade, polo que nas facturas será imprescindible identificar a matrícula do vehículo. Na memoria xustificativa indicarse se o gasto de combustible era imprescindible para a realización da actividade subvencionada e os vehículos nos que se fixo o gasto de combustible subvencionado.


O importe subvencionado polo Concello de Lalín liberarase unha vez presentada a correspondente xustificación por parte do CLUB EXTOL MTB TEAM, aprobada a conta xustificativa, e logo da presentación de certificacións acreditativas de que o CLUB EXTOL MTB TEAM se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e co Concello de Lalín.

SÉTIMA: Xustificación.


O Pagamento da subvención nominativa de 6.000,00€ librarase cando o Club Extol MTB Team con CIF G-94130168, presente a conta xustificativa do citado convenio que en todo caso debe ser antes do 15 de decembro do 2025.

Na conta xustificativa presentada polo Club Extol MTB Team deberá constar a seguinte documentación:

1. Unha memoria da totalidade das actividades subvencionadas realizadas durante o período subvencionable.
2. Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade subvencionada.
3. Conta xustificativa dos gastos subvencionables nas que se recollerá a relación de facturas con identificación de acredor, CIF, número da factura, data de expedición, importe e data de pagamento.
4. Facturas orixinais (con tódolos requisitos esixidos polo R.D 1619/ 2012 de 30 de novembro) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do gasto subvencionable, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento).



Lalín KMO



Concello de Lalín

- Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello; non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparanse nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: "En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención de colaboración nas actividades da".
- Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos.
- A factura deberá vir especificada en moeda local e recoller a data de emisión da factura.
- Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se, a criterio do Concello o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.
- Conterá os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
- Conterá os datos identificativos do destinatario que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
- Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e o seu custe total, importe pagado e moeda. Deberá detallarse o IVE correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que estea en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse "IVE incluído".


5.- Xustificantes de pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil utilizados para a xustificación. Só se admitirán os pagos realizados mediante transferencia bancaria ou cheque, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia ou pago por cheque.

- No caso de pagos por importe igual ou inferior a 200 euros admitirase o pago en metálico sempre e cando se faga constar na factura o selo do provedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma e, no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.

- No caso de que ás facturas se lles aplique retención de IRPF deberán aportar ademais Modelo 111 de retencións e ingresos a conta.

- No caso de pagos en metálico, corresponde ó Concello comprobar a xustificación dese medio de pago que se fará constar en informe xustificativo no que se acredite que o pago mediante transferencia ou cheque suporía unha carga desproporcionada para o beneficiario tendo en conta a finalidade da subvención e a natureza do gasto. Atenderase para facer ese informe de forma prioritaria á contía do pago. De non xustificarse ese pago en metálico, entenderase non xustificada esa contía do gasto.





Lalín KMO



Concello de Lalín

6.- Aos efectos da xustificación dos gastos de persoal deberán aportar as nóminas acompañadas das transferencias bancarias do pago das mesmas, xunto cos recibos de liquidación de cotizacións da Seguridade Social (TC1) e a relación nominal de traballadores (TC2).

7.- No caso de que a subvención se destine a financiar unha subministración ou servizo de máis de 15.000,00€ sen IVE, teranse que achegar tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS (non será preciso solicitar tres orzamentos se para o gasto, polas súas especiais características, no exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren ou, salvo que o gasto se realizara con anterioridade á concesión da subvención).

8.- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas tanto aprobadas como pendentes de resolución.

9.- Designación de conta bancaria na que se efectuará o ingreso da subvención.

10.- Certificación de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia. Así mesmo comprobarase que se atopa ao corrente cos obrigas co Concello de Lalín.

11.- Declaración xurada expedida polo/a Presidente/a relativa ó desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida.

12.- Mostras da publicidade realiza nas que figure o logo do Concello de Lalín como entidade colaboradora.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe que ascende á subvención nominativa de acordo co disposto na cláusula quinta. De non xustificarse o total do importe concedido, o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.


OITAVA. Reintegro.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos intereses de demora correspondentes dende o momento do seu pago, a non presentación en prazo da documentación prevista na cláusula sexta deste convenio ademais das establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Club Extol MTB Team con CIF G-94130168 quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei Xeral Orzamentaria.

Para os supostos non previstos neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto do Concello de Lalín para o exercicio 2025, na





Lalín



Concello de Lalín

Lei 38/2004, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente Convenio, e non resoltas en vía Administrativa, serán resoltas pola Xurisdición Contencioso administrativa.

NOVENA.

O presente convenio resolverase polas seguintes causas:

- 1.- Por expiración do seu prazo de vixencia.
- 2.- Polo acordo unánime das partes asinantes.
- 3.- Por incumprimento total ou parcial das obrigas e compromisos asumidos polas partes.
- 4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas na lexislación vixente.

DECIMA. Comisión de seguimento

Comisión de seguimento, control e interpretación do convenio: Co fin de asegurar un adecuado control e seguimento do obxecto, actuacións, contido e execución do presente Convenio, poderá constituírse unha Comisión de Seguimento con funcións para a interpretación e coordinación das obrigacións e dereitos derivados da subscripción do mesmo, previo informe favorable da Intervención municipal. Dita Comisión, estará integrada por representantes das partes asinantes.

DÉCIMO PRIMERA. Prazo de vixencia.

O período máximo de vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025.

Lido polas partes e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano, por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

POLO CONCELLO DE LALÍN

O Alcalde,

José Crespo Iglesias

POLO CLUB EXTOL MTB TEAM

O Presidente,

D. Javier Busto Ramos





4,181

Faint header text, possibly containing a date or reference number.

Faint paragraph of text, likely the beginning of a letter or report.

Faint paragraph of text, continuing the document's content.

Faint paragraph of text, possibly a transition or a new section.

Faint paragraph of text, containing several lines of illegible content.

Faint paragraph of text, continuing the document's content.

Faint paragraph of text, possibly a closing or a signature block.

Faint text at the bottom of the page, possibly a footer or page number.

Faint text at the bottom of the page, possibly a footer or page number.